

Un novo libro de Victorino

Chamámoslle Tori e témolo por comadroa desta revista, da que foi primeiro director, cun equipo de xente valiosa e abnegada que fixo milagres. Victorino Pérez Prieto acaba de escribir fermoso libro con título mítico do noso himno -**Do teu verdor cinguido**-, e de subtítulo **Ecologismo e creación**. Magnificamente editado por Espiral Maior e prologado con cariño e rigor intelectual por un dos compañeiros de traballo nesta revista: Xosé Antón Miguélez.

Dende os tempos de Tori, Xosé Antón, Manolo Regal, Marta e Lois, e outros, o tema ecolóxico coñeceu unha presenza continua na nosa revista. Quizais un dos momentos cume desta conciencia ecolóxica foi marcado pola celebración da XIX Romaxe de Crentes Galegos o ano pasado na carballeira de Rosario (Palas de Rei) baixo o lema de *Polo camiño verde*, para o que se editou un número da colección *Angueira*.

O traballo de Victorino é máis amplo en dimensións e ambicioso en intencións: 222 páxinas de reflexión sociolóxica, histórica, antropolóxica e teolóxica, verdadeiramente fecundas e mesmo orixinais.

Tori é persoa inqueda, quizais o primeiro *clericus electrónico* de Galicia, que é tanto como dicir que posúe non só unha boa formación de libros, senón tamén unha actual información por ser fiel practicante da relixión do Internet. O libro de Victorino está moi documentado e lese, coma tódolos seus, con gusto, pois o rapaz sabe darlle á pluma.

Curioso este home, nado na provincia de León, no mesmo camiño de Santiago -Hospital de Órbigo-, que se fixo galego cos galegos. Curiosa tamén a súa idiosincrasia, que mestura un paciente traballo de lectura e estudio cun dinamismo de viaxeiro impenitente. A súa dimensión itinerante non desmerece da capacidade de lectura que foi adquirindo.

Eu adoito dicir, a xeito de veneración, que o **meu proxenitor** non tiña defecto ningún: todos eran excesos. Se en algo se **excede** Victorino, paréceme, é no **seu** amor á Igrexa e a Galicia. Isto **non** é pecado, pero ás veces pode levalo por camiños de exaltación dunha institución que ha estar sempre na sombra do reinado de Deus, pois ela non é o sol, senón un satélite chamado lúa.

Os católicos sempre estamos ameazados de tendencia apoloxética e dun recuperacionismo de todo o novo como se **xa** estivese nos nosos arquivos eclesiásticos e nada nos aportasen os de fóra.

Perante **esta** real tentación victoriana e victoriosa -triumfalista, diríamos en tempos pasados-, en Tori vai podendo a forza crítica e esa claridade na mente que procede dunha xeitosa lectura dos sinais dos tempos, dunha honradez intelectual que non mingua a súa gratitude verbo das institucións que foron e seguen a ser espazos nutricios para a nosa crianza.

Pepe Chao

1. Cómpre hoxe que cantemos ó episcopado nipón é dicir, ós monseñores que son bispos en Xapón.
2. A Santa Sé ou Vaticano prepara un Sínodo en Roma para Asia, e estes bispos non o toman nada en broma.
3. Nestes asiáticos bispos a conciencia eclesial medra: non se resignan a ser uns convidados de pedra.
4. O tal Sínodo aínda está na fase preparatoria, e os xaponeses non queren pase sen pena nin gloria.
5. De Roma, pra prepararse enviaron documento e logo de traducilo ninguén del quedou contento.
6. Viven eles a cultura da nosa tan distanciada que o documento sooules dispensando, a carallada.
7. Tales papeis analizan e tras meses de traballo din que esas normas romanas non lles valen un carallo.
8. Afirman que se a Curia actúa coma oficina central eles non están dispostos a ser simple sucursal.
9. A opinión dos monseñores resulta firme e dura: en Europa nin idea do que é a súa cultura.
10. Resolven non responder ó cuestionario romano pra elaboraren outro que resulte máis humano.
11. Iniciaron un proceso para un traballo novo: o protagonismo ha telo non Roma, senón o pobo.
12. Piden eles un goberno non centralista, eclesial, que centre o seu interese en cada Igrexa local.
13. ¿Por que os textos da liturxia pontificia aprobación han ter se os bispos nativos fixeron a traducción?
14. Este é un exemplo entre outros e quizais dos máis notorios: Asia foi evanxelizada a golpe de latinorios.